

---

# ORZAMENTOS E PLAN DE ACTUACIÓN 2019

---

FUNDACIÓN CIDADE DA  
CULTURA DE GALICIA

---

Data de aprobación: Padroado do 12.12.2018

---



fundación cidade  
da cultura de galicia

# ORZAMENTOS E PLAN DE ACTUACIÓN 2019

## 1.- MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2019 E DO PROGRAMA DE ACTUACIÓN, INVESTIMENTO E FINANCIAMENTO

### 1.1. Descrición da entidade

#### 1.1.1. Obxectivos

#### 1.1.2. Medidas, actuación e indicadores

### 1.2. Investimentos

### 1.3. Territorialización

### 1.4. Previsións orzamentarias e financiamento

#### 1.4.1. Previsións Orzamento de Explotación.

##### 1.4.1.1. Ingresos

a) Vendas e outros ingresos de explotación.

b) Transferencias e subvencións e explotación recibidas.

##### 1.4.1.2. Gastos

a) Gastos de persoal

b) Servizos exteriores

c) Amortización

d) Subvencións concedidas pola entidade

#### 1.4.2. Previsións Orzamento de Capital.

##### 1.4.2.1. Orixes

a) Transferencias e subvencións de capital recibidas.

b) Remanente de Tesourería

##### 1.4.2.2. Aplicacións

a) Adquisicións de inmovilizado non financeiro.

b) Adquisicións de inmovilizado financeiro.

#### 1.4.3. Financiamento do programa de investimentos e das necesidades de explotación

## 2.- Estados financeiros: Balance, Conta de Resultados e Estado de Fluxos de Efectivo.

## 3.- Plan de Actuación (segundo modelo do plan contable para entidades sen fins lucrativos)





# 1.- MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2019 E DO PROGRAMA DE ACTUACIÓNS, INVESTIMENTO E FINANCIAMENTO

## 1.1. Descrición da entidade

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia (en diante, a Fundación) foi constituída o 27 de decembro de 1999 como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da institución. Por Orde da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26, do 08/02/2000) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta co número 73. Forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Fundación ten por obxecto a "creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio á interacción cultural. Segundo o previsto no artigo 6 dos seus estatutos, este desenvolvemento do obxecto fundacional poderá realizarse directamente pola Fundación ou mediante colaboración con outras entidades, organismos, institucións ou persoas que contribúan á consecución dos fins fundacionais.

A Fundación rexerese pola vontade do fundador expresada nos estatutos, os cales foron modificados coa autorización do Consello da Xunta mediante acordo adoptado o día 24 de setembro de 2015. Sonlle de aplicación, igualmente, as disposicións que en interpretación e desenvolvemento dos mesmos establece o padroado, a Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, o Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego, o Decreto 15/2009, de 21 de xaneiro polo que se aproba o Rexistro de fundacións de interese galego, e as demais normas que as desenvolvan ou substitúan, así como polo resto da normativa estatal e autonómica que resulte de aplicación ás fundacións en cada momento

Pola súa condición de fundación do sector público de Galicia, tamén lle será aplicable a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o Decreto 217/2008, de 25 de setembro, polo que se regula o contido mínimo das propostas de creación de novas entidades do sector público autonómico, a normativa reguladora do réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a Lei de contratos do sector público, nos aspectos que procedan, e calquera outra disposición normativa que lle resulte de aplicación de aplicación en cada momento.

Para a consecución dos fins mencionados, a Fundación pode realizar as seguintes actividades (artigo 7 dos seus estatutos):

a) As necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que sirva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.

b) As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías.

c) As tendentes a propiciar o achegamento da Cidade da Cultura de Galicia dun xeito físico á cidadanía, servindo como espazo de desenvolvemento de actividades non estritamente culturais, con especial énfase no lecer, o contacto coa natureza e o deporte.

d) Cantas dinamicen o sistema cultural galego, promovendo a difusión e conservación da nosa cultura, e a formación dunha comunidade artística vibrante, atendendo tanto a autores de referencia como a novos talentos ou a cultura de base.

e) As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada.

f) As axeitadas para posicionar o Gaiás como referente internacional de reflexión, debate e formación no ámbito da innovación na xestión cultural, que contribúa á profesionalización dos diferentes axentes e das súas iniciativas.

Aprobado en Padroado 12.12.2018

O secretario

Vº e praxe. O presidente 3





g) As que impulsen o emprendemento empresarial no ámbito das industrias culturais e creativas, con especial énfase en proxectos que favorezan a innovación, tanto tecnolóxica como non tecnolóxica, e a súa transferencia aos sectores máis maduros do tecido produtivo, servindo como plataforma de desenvolvemento e promoción da marca país Galicia.

h) As actividades e accións que contribúan a converter á Cidade da Cultura de Galicia nun proxecto economicamente sostible e socialmente rendible, incorporando novos socios estratéxicos, tanto públicos como privados, e diversificando as fontes de financiamento para acadar a sustentabilidade do proxecto con independencia do ciclo económico.

Situada en Santiago de Compostela, a Cidade da Cultura de Galicia eríxese no cumio do monte Gaiás como un formidable fito arquitectónico do novo século dedicado ao coñecemento e á creatividade.

Deseñada polo arquitecto americano Peter Eisenman para acoller as mellores expresións da cultura de Galicia, España, Europa, Latinoamérica e o mundo, esta "cidade", inclusiva e plural, quere converterse nunha "factoría de proxectos" que dinamice o noso tecido de industrias culturais, unha plataforma que lle dea visibilidade ao mellor das nosas expresións artísticas e un punto para o intercambio de ideas e experiencias, conectando Galicia ás redes nacionais e internacionais de creatividade e coñecemento.

A Cidade da Cultura de Galicia (ou CdC) é un complexo formado actualmente polos seguintes edificios; Biblioteca e Arquivo de Galicia, Centro de Emprendemento Creativo de Galicia, Centro de Innovación Cultural e Modernización Tecnolóxica de Galicia, e Museo Centro Gaiás.

Aos anteriores edificios debe engadirse á explotación e aproveitamento dos espazos exteriores. No ano 2016 foron abertas ao público en xeral as actuacións paisaxísticas dos denominados "Bosque de Galicia", "Xardín Literario", "Parque do Lago", así como a "Área de Lecer Norte", no que destaca o elemento figurativo e icónico da balea. Ditos espazos concíbense como espazos ideais para as familias, práctica do deporte, a lectura ou para gozar das vistas dende os seus miradoiros, sen perder, en ningún momento, a perspectiva cultural de todo o complexo.

A terminación das obras de adecentamento do oco deixado pola paralización do Edificio Teatro da Música, iniciadas no ano 2018, a inmediata construción do denominado Edificio Fontán, edificio de referencia no sistema universitario de Galicia (actualmente en fase de licitación), a execución das obras de conexión coa AP-9 e a culminación das obras de urbanización na parte sur do complexo contribuirán á fortalecer o complexo como referente cultural, paisaxístico, tecnolóxico e formativo de Galicia, mellorando a súa accesibilidade co resto do territorio, e eliminando o lastre de proxecto inacabado.

### 1.1.1. Obxectivos

Os presentes orzamentos e plan de actuación debe encadrarse no PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA 2015-2020 (aprobado polo Parlamento de Galicia o día 11 de maio de 2016):

Eixe 4: Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno.

Prioridade de actuación (PA 4.1.): Desenvolvemento da economía dixital. Apoio á industria cultural e de medios como unha fonte de riqueza.

Obxectivo estratéxico (OE 4.1.1.): Aumentar a oferta e o consumo da cultura mediante accións de dinamización cultural planificada a través das actividades da industria cultura e creativa galega.

Obxectivo operativo: Desenvolver desde a Cidade da Cultura de Galicia un programa interdisciplinar de acción cultural contemporánea; e impulsar unha estratexia de innovación do sistema cultural e creativo da nosa comunidade.

No exercicio 2019, catro son as liñas de actuación previstas para o cumprimento dos obxectivos estratéxicos e operativos definidos anteriormente:

1) No eido da promoción e comunicación, os obxectivos específicos tradúcense nos seguintes:

a. Reforzar a marca Galás como referente en cultura, emprendemento e tecnoloxía.

b. Comunicar o avance dos proxectos vencellados coa finalización da Cidade da Cultura: Edificio Fontán, Xardín do Teatro, conexión coa AP-9.

Aprobado en Padroado 12.12.2018

O secretario

Vº e prac. O presidente 4



c. Profundizar no posicionamento do Gaiás como destino turístico, asociandoo ao Camiño de Santiago e reforzando a súa vinculación co Xacobeo 21.

d. Comunicar o Centro de Emprendemento como un espazo que recolle proxectos de calidade, poñendo o foco nos resultados cualitativos.

e. Incrementar o rendemento da páxina web da Cidade da Cultura de Galicia, mellorando a súa eficacia (revisión do calendario, modificación da librería de maquetas, potencial a parte audiovisual,...).

2) No tocante á programación cultural, os principais obxectivos son:

Para o exercicio 2019, os eixos da programación cultural sintetízanse en cinco capítulos principais, mantendo actividades consolidadas e propoñendo outras novas que se consideran de interese:

**1.- Exposicións e intervencións.** O Museo Centro Gaiás consolida o novo modelo de centro expositivo iniciado no 2018, exhibindo simultaneamente distintas mostras nas tres salas interiores. Contaremos con cinco exposicións distintas con temática popular e accesible para todos os públicos ("Historia do fútbol en Galicia", "Artesanía de Galicia", "Galicia no mundo"); referencias en cando ao patrimonio artístico galego ("Castelao Maxistral") e divulgadoras de iniciativas referenciais vinculadas ao coleccionismo da arte ("Fundación RAC"). As intervencións consolídanse neste programa, collendo pulo e salientando dentro da programación: aumentamos a tres as novas propostas nas Torres Hejduk, unha delas paisaxística e dúas artísticas (Concurso do EAN incluído), presentaremos a segunda edición de "Reb/veladas na paisaxe" e iniciamos unha nova intervención vinculada co Camiño de Santiago: "O Bosque de Bastóns de peregrinos", no ano adicado á Vía da Prata dentro dos itinerarios xacobeos.

**2.- O capítulo de "Música & Escena"** mantén programas de referencia para o público como "Atardecer no Gaiás", o adicado á cultura tradicional galega "Magostos no Gaiás" con dúas sesións, chegamos á quinta edición de "Escenas do Cambio" coa presenza de artistas da escena contemporánea internacional en diálogo coa escena galega; celebramos o Día da Música, a Real Filharmonía nun concerto especial co gallo da mostra "Castelao Maxistral" e a presenza das bandas de música da nosa cultura popular.

**3.- Baixo o título de "Letras e Pensamento"** recolleemos unha nova iniciativa arredor da escrita creativa, celebramos o Día das Letras Galegas e incluímos o Encontro de Artistas Novos, como espazo de intercambio de ideas i experiencias creativas e aquelas actividades vinculadas á literatura ou líneas de cultura contemporánea.

**4.- O epígrafe "En familia"** cunha proposta sostida ao longo do ano celebrará a terceira edición do festival de curtametraxes "Pequefilmes", o tradicional "Baile de Entroido", as acampadas de "Unha noite do bosque" e mantemos as dúas edicións de Cidade Imaxinaria, en primavera e na época estival, así como o atractivo programa de Nadal.

**5.- Visitas e accións divulgativas,** trátase dun novo capítulo na programación que agrupa todas aquelas iniciativas relativas á procura do coñecemento do espazo e de divulgación das actividades da programación cultural: a mediación, visitas didácticas, comentadas ou nocturnas das mostras do museo, as andainas no espazo natural, iniciativas lúdicas e de entretemento, como a carreira "Holi Gaiás", ou a celebración do Día do Medio ambiente. Como novidade inclúese un evento arredor da promoción dos novos creadores (artes visuais, escénico musicais, audiovisuais, etc.)

3) Do mesmo xeito que no ano 2018, a consolidación do Centro de Emprendemento como punto de referencia debe converterse nun reto para o impulso da participación, cooperación e consolidación das empresas e profesionais na produción, creación, conservación, difusión e comercialización do patrimonio cultural galego, e como lugar de creación e implantación en Galicia de proxectos e iniciativas relacionadas coas novas tecnoloxías e a súa aplicación práctica ao conxunto da sociedade e da economía galegas.

4) No que se refire á rendibilidade dos espazos mediante a súa posta en valor económica, procurárase dar solucións ás distintas iniciativas culturais e tecnolóxicas, tanto temporais como permanentes, para albergar o maior número de eventos e de desenvolvementos empresariais no Gaiás.

Aprobado en Padroado 12.12.2018



Vº e prace. O presidente 5



No capítulo de investimentos, a actuación máis importante está destinada á construción do Edificio Fontán, que, de acordo co convenio de colaboración asinado coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o pasado día 4 de xullo de 2018, aloxará nas súas dependencias o Centro Europeo de Investigación en Paisaxes Culturais, así como os servizos do Consorcio Interuniversitario do sistema universitario de Galicia, e a Axencia para a calidade do sistema universitario de Galicia. Outras actuacións destacables son:

- Adecentamento e ampliación do CPDI (actuación a financiar por AMTEGA).
- Conexión co parque do Lago mediante ponte ou pasarela.
- Urbanización da parte sur e surlleste, e inicio de actuacións para unha terceira fase do Bosque de Galicia nesta zona.
- Ampliación e reforma da estrutura anexa ao Xardín do Teatro, actualmente inacabada e integrada dentro do Edificio BAG, para albergar espazos para uso oficinas.

### 1.1.2. Medidas, actuación e indicadores

Eixe 4

Prioridade Actuación PA 4.1.

Obxectivo estratéxico OE 4.1.1.

Obxectivo Operativo 3

2019-CIDADE DA CULTURA						
Eixo	Prioridade Actuación	Obx Estratéxico/Intermedio	Descrición Obx Estratéxico/Intermedio	2019	2020	2021
4	4.1.	4.1.1.	AUMENTO OFERTA E CONSUMO CULTURA	14.330.087,00 €	20.011.215,00 €	13.074.863,00 €

Obx Operativo	Descrición Obx Operativo	2019	2020	2021
01	Desenvolver programa interdisciplinar de acción cultural contemporánea e impulso estratéxico de innovación en sistema cultural/creativo	14.330.087,00 €	20.011.215,00 €	13.074.863,00 €

Indicador	Descrición Indicador	2019	2020	2021	Unidades
01	EVENTOS E ACT. CULTURAIS	180	200	200	NUMERO EVENTOS
02	ASISTENTES A ACT. CULTURAIS	150.000	175.000	175.000	NUMERO DE PERSOAS
03	INCREMENTO INGRESOS CESIÓN DE ESPACIOS	10	5	4	PORCENTAXE CON RESPECTO EX. ANTERIOR
04	ASISTENTES A ACT. E XORNADAS EMPREENDEDORAS	5.000	5.500	6.000	NUMERO DE PERSOAS
05	DESENVOLV. IDEAS EMPREENDEDORAS	250	250	250	NUMERO EMPREENDEDORES
06	INCREMENTO VOLUME NEGOCIOS INDEAS EMPREENDEDORAS	10	10	10	PORCENTAXE RESPECTO EX. ANTERIOR
07	ACCESOS A PÁXINA WEB cidadedacultura.gal	250.000	280.000	300.000	NUMERO DE ACCESOS
08	SEGUIDORES REDES SOCIAIS	70.000	75.000	80.000	NUMERO DE USUARIOS

### 1.2. Investimentos(\*)

2019-CIDADE DA CULTURA						
Investimento Código	Investimento Proxecto	Ano Inicial	Ano Final	Custo Total	Orzamento 2019	CONCELLO
004PA411	BOSQUE DE GALICIA. FASE III	2019	2021	1.800.000,00 €	150.000,00 €	1538078
005PA411	PONTE CO PARQUE DO LAGO	2019	2020	250.000,00 €	150.000,00 €	1538078
006PA411	CPDI FASE II	2019	2019	800.000,00 €	800.000,00 €	1538078
010PA411	EQUIPAMENTOS E MOBILIARIO	2019	2019	263.064,50 €	297.937,50 €	1538078
001PA411	URBANIZACION FASE II E DF	2018	2020	4.065.000,00 €	1.815.000,00 €	1538078
003PA411	ESTRUTURA ANEXA X.TEATRO	2019	2020	2.500.000,00 €	1.250.000,00 €	1538078
002PA411	EDIFICIO FONTAN E DF/CC	2018	2021	17.285.000,00 €	2.500.000,00 €	1538078
<b>Total</b>				26.963.064,50 €	6.962.937,50 €	

(\*) Anexo de investimentos incluído no proxecto de lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019. As previsións iniciais para as actuacións 005PA411 (ponte co parque do Lago) e 003PA411 (Estrutura anexo X.Teatro) serán obxecto de reasignación para ao seguinte

Aprobado en Padroado 12.12.2018

O secretario

Vº e prace. O presidente 6

proyecto: 002PA411 (Edificio Fontán e DF/CC), aos efectos de preservar o cadro de financiamento para o exercicio 2019 sinalado no Convenio de colaboración asinado o 4 de xullo de 2018 entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

### 1.3. Territorialización

CODIGO	CONCELLO	GASTO DE PERSOAL	OUTROS GASTOS CORRENTES	GASTOS DE CAPITAL
1538078	SANTIAGO DE COMPOSTELA	1.313.553,00 €	6.053.597,00 €	6.962.937,00 €

### 1.4. Previsións orzamentarias e financiamento

#### 1.4.1. Previsión Orzamentos de explotación

##### 1.4.1.1. INGRESOS

###### a) Ventas e outros ingresos de explotación

INGRESOS	2019	2020	2021
COLABORACIÓN E OUTRAS ACHEGAS	1.213.780,00 €	1.234.856,00 €	1.255.952,00 €
INGRESOS ORDINARIOS ACTIVIDADES MERCANTÍS	19.614,00 €	22.000,00 €	22.000,00 €
RENDAS E OUTROS INGRESOS DERIVADOS DO PATRIMONIO	660.000,00 €	661.000,00 €	664.000,00 €
VENDAS E PRESTACIÓN SERVICIOS ACTIVIDADES PROPIAS	30.000,00 €	35.000,00 €	35.000,00 €
CONVENIO AMTEGA	800.000,00 €		

###### b) Transferencias e subvencións de explotación recibidas

Subvencións Correntes recibidas da C.A.	Real 2017	Estimado 2018	Previsión 2019
Consellería de Cultura e Turismo	5.430.052,00 €	5.430.052,00 €	5.430.052,00 €

##### 1.4.1.2. GASTOS

###### a) Gastos de persoal

Descrición	Real 2017	Estimado 2018	Previsión 2019
Nº Empregados	23	30	33
Custo Total	1.051.642,74 €	1.102.123,82 €	1.313.553,00 €
Custo Medio	45.723,59 €	36.737,46 €	39.804,63 €

Aprobado en Padroado 12.12.2018

O secretario

Vº e prace. O presidente 7



**b) Servizos exteriores**

DESCRICIÓN	Real 2017	Estimado 2018	Previsión 2019	Previsión 2020	Previsión 2021
621	8.773,00 €	9.100,00 €	8.599,70 €	8.771,70 €	8.947,13 €
622	695.152,30 €	727.000,00 €	903.756,36 €	912.793,92 €	921.921,86 €
623	195.560,46 €	105.000,00 €	110.000,00 €	112.200,00 €	114.444,00 €
624	35.182,83 €	55.000,00 €	60.000,00 €	61.200,00 €	62.424,00 €
625	82.944,33 €	81.000,00 €	94.765,70 €	96.661,01 €	98.594,23 €
626	67,47 €	100,00 €	200,00 €	204,00 €	208,80 €
627	614.182,72 €	700.000,00 €	737.030,00 €	751.770,60 €	766.806,01 €
628	1.734.086,85 €	1.640.000,00 €	1.734.778,61 €	1.769.474,18 €	1.804.863,67 €
629	2.740.531,37 €	2.700.000,00 €	2.299.466,63 €	2.574.961,96 €	2.600.711,58 €
<b>Total</b>	<b>6.106.481,33 €</b>	<b>6.017.200,00 €</b>	<b>5.948.597,00 €</b>	<b>6.288.037,37 €</b>	<b>6.378.921,28 €</b>

**c) Amortizacións**

DESCRICIÓN	Real 2017	Estimado 2018	Previsión 2019
DOT. AMORT. INMOB. INTAXIBLE	24.125,72 €	30.242,57 €	31.162,34 €
DOT. AMORT. INMOB. MATERIAL	9.399.807,72 €	8.790.052,46 €	7.395.239,70 €
<b>Total</b>	<b>9.423.933,44 €</b>	<b>8.820.295,03 €</b>	<b>7.426.402,04 €</b>

**d) Subvencións concedidas pola entidade**

SUBVENCIONS CONCEDIDAS POLA ENTIDADE	Real 2017	Estimado 2018	Previsión 2019
AXUDAS AO EMPRENDEMENTO	5.000,00 €	6.000,00 €	10.000,00 €

**1.4.2. Previsións Orzamento de Capital.**

**1.4.2.1. ORIXES**

**a) Transferencias e subvencións de capital recibidas**

Subvencións de Capital recibidas da C.A.	Real 2017	Estimado 2018	Previsión 2019
Consellería de Cultura e Turismo	3.861.254,00 €	4.566.066,94 €	3.662.937,00 €
Consellería de Educación, Univ e FP			2.500.000,00 €
<b>Total</b>	<b>3.861.254,00 €</b>	<b>4.566.066,94 €</b>	<b>6.162.937,00 €</b>

**b) Remanente de tesourería**

Aprobado en Padroado 12.12.2018

O secretario

Vº e prace. O presidente 8



Descrición	2017	2018
1. Dereitos pendentes de cobro	20.488.562,00 €	19.500.000,00 €
(+) Do orzamento corrente	20.488.314,00 €	19.500.000,00 €
(+) De orzamentos pechados	- €	
(+) De operacións non orzamentarias		
(+) De operacións comerciais	248,00 €	
(-) De dubidoso cobro		
(-) Cobros pendentes de aplicación definitiva		
2. Obrigas pendentes de pagamento	3.564.003,00 €	2.500.000,00 €
(+) Do orzamento corrente	3.564.003,00 €	2.500.000,00 €
(+) De orzamentos pechados		
(+) De operacións non orzamentarias		
(+) De operacións comerciais		
(-) Cobros pendentes de aplicación definitiva		
3. Fondos líquidos	94.429,00 €	303.106,13 €
I. Remanente de tesourería afectado		
II. Remanente de tesourería non afectado		
III. Remanente de tesourería total (1-2+3)	17.018.988,00 €	17.303.106,13 €

#### 1.4.2.2. Aplicacións

##### a) Adquisicións de inmovilizado non financeiro.

ADQUISICIÓN INMOBILIZADO NON FINANCEIRO	Real 2017	Estimado 2018	Previsión 2019
INMOBILIZADO INTANXIBLE	16.293,00 €	- €	70.000,00 €
INMOBILIZADO MATERIAL	5.237.009,00 €	4.566.066,94 €	6.892.937,00 €
<b>Total</b>	<b>5.253.302,00 €</b>	<b>4.566.066,94 €</b>	<b>6.962.937,00 €</b>

##### b) Adquisicións de inmovilizado financeiro

Non previstas

#### 1.4.3. Financiamento do programa de investimentos e das necesidades de explotación

A totalidade do orzamento de explotación financiarse cos ingresos propios da Fundación, complementados coas subvencións á explotación con cargo á Xunta de Galicia previstas nos presentes orzamentos. As previsións de financiamento externo das necesidades de explotación son:

Transferencias correntes Xunta 5.430.052,00 €

As aplicacións de capital financiarase íntegramente con cargo á subvención de capital outorgadas pola Xunta de Galicia. Consideranse, a maiores, dúas fontes de financiamento máis:

Transferencias de capital Xunta 3.662.937,00 €  
 Transferencias de capital Consellería de Educación: 2.500.000,00 €  
 Achega AMTEGA proxecto CPDI (ampliación): 800.000,00 €.

Cumprindo os obxectivos marcados, sen desviacións significativas nas distintas partidas, non existen dúbidas sobre a viabilidade financeira da Entidade, sen que se contemple achegar financiamento alleo, ausente, por outra banda, do balance da Fundación.

Aprobado en Padroado 12.12.2018



O secretario

Vº e prace. O presidente 9

## 2.- ESTADOS FINANCIEROS. BALANCE, CONTA DE RESULTADOS E ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO

### Balance de situación Activo

Descripción	Real 2017	Estimado 2018	Previsión 2019	Previsión 2020	Previsión 2021
<b>A) Activo non corrente</b>	<b>234.543.715,00 €</b>	<b>229.466.056,00 €</b>	<b>229.002.718,00 €</b>	<b>232.312.509,00 €</b>	<b>228.382.000,00 €</b>
<b>I. Inmobilizado intanxible</b>	<b>83.276,00 €</b>	<b>133.033,00 €</b>	<b>95.790,00 €</b>	<b>57.548,00 €</b>	<b>21.306,00 €</b>
1. Desenvolvemento					
2. Concesións					
3. Patentes, licencias, marcas e similares					
4. Fondo de Comercio					
5. Aplicacións Informáticas	33.492,00 €	98.830,00 €	77.168,00 €	48.507,00 €	19.846,00 €
6. Dereitos sobre activos cedidos en uso					
7. Outro inmobilizado intanxible	49.784,00 €	34.203,00 €	18.622,00 €	9.041,00 €	1.460,00 €
<b>II. Bens do patrimonio histórico</b>	<b>368.072,00 €</b>	<b>368.072,00 €</b>	<b>368.072,00 €</b>	<b>368.072,00 €</b>	<b>368.072,00 €</b>
1. Bens inmoebles					
2. Arquivos	353.572,00 €	353.572,00 €	353.572,00 €	353.572,00 €	353.572,00 €
3. Bibliotecas	14.500,00 €	14.500,00 €	14.500,00 €	14.500,00 €	14.500,00 €
4. Museos					
5. Bens móbiles					
6. Anticipos sobre bens do patrimonio histórico					
<b>III. Inmobilizado material</b>	<b>234.092.351,00 €</b>	<b>228.964.935,00 €</b>	<b>228.538.840,00 €</b>	<b>231.886.873,00 €</b>	<b>227.992.606,00 €</b>
1. Terreos e construcións	205.476.175,00 €	201.044.129,00 €	196.520.325,00 €	198.373.457,00 €	193.273.289,00 €
2. Instalacións técnicas e outro inmobilizado material	27.511.295,00 €	24.365.925,00 €	21.489.634,00 €	18.034.535,00 €	14.529.436,00 €
3. Inmobilizado en curso e anticipos	1.104.881,00 €	3.554.881,00 €	10.528.881,00 €	15.478.881,00 €	20.189.881,00 €
<b>IV. Inversións inmobiliarias</b>	<b>- €</b>	<b>- €</b>	<b>- €</b>	<b>- €</b>	<b>- €</b>
1. Terreos					
2. Construcións					
<b>V. Inversións en empresas e entidades do grupo e asociadas a longo prazo</b>	<b>- €</b>	<b>- €</b>	<b>- €</b>	<b>- €</b>	<b>- €</b>
1. Instrumentos de patrimonio					
2. Créditos a terceiros					
3. Valores representativos de débeda					
4. Derivados					
5. Outros activos financeiros					
<b>VI. Inversións financeiras a longo prazo</b>	<b>16,00 €</b>	<b>16,00 €</b>	<b>16,00 €</b>	<b>16,00 €</b>	<b>16,00 €</b>
1. Instrumentos de patrimonio					
2. Créditos a terceiros					
3. Valores representativos de débeda					
4. Derivados					
5. Outros activos financeiros	16,00 €	16,00 €	16,00 €	16,00 €	16,00 €
<b>VII. Activos por imposto diferido</b>					
<b>B) Activo corrente</b>	<b>30.858.770,00 €</b>	<b>30.335.204,36 €</b>	<b>31.615.323,62 €</b>	<b>32.963.021,88 €</b>	<b>30.719.449,36 €</b>
<b>I. Existencias</b>	<b>42.574,00 €</b>	<b>45.574,00 €</b>	<b>51.574,00 €</b>	<b>51.574,00 €</b>	<b>51.574,00 €</b>
1. Bens destinados á actividade					
2. Materias primas e outros aprovisionamentos					
3. Productos en curso					
4. Productos terminados	42.574,00 €	45.574,00 €	51.574,00 €	51.574,00 €	51.574,00 €
5. Subproductos, residuos e materiais recuperados					
6. Anticipos a provedores					
II. Usuarios e outros debedores da actividade propia	3.942,00 €	3.000,00 €	1.500,00 €	2.500,00 €	3.000,00 €
<b>III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar</b>	<b>20.488.562,00 €</b>	<b>21.190.671,23 €</b>	<b>21.147.382,46 €</b>	<b>21.166.986,30 €</b>	<b>21.167.726,03 €</b>
1. Clientes por vendas e prestacións de servizos	248,00 €	1.000,00 €	4.000,00 €	4.000,00 €	4.000,00 €
2. Clientes, empresas do grupo e asociadas					
3. Debedores varios	146.379,00 €	189.671,23 €	143.382,46 €	162.986,30 €	163.726,03 €
4. Persoal					
5. Activos por impostos corrente	1.147,00 €				
6. Outros créditos coas Administracións Públicas	20.340.788,00 €	21.000.000,00 €	21.000.000,00 €	21.000.000,00 €	21.000.000,00 €
7. Fundadores por desembolsos esixidos					
<b>IV. Inversións en empresas do grupo e asociadas a curto prazo</b>	<b>- €</b>	<b>- €</b>	<b>- €</b>	<b>- €</b>	<b>- €</b>
1. Instrumentos de patrimonio					
2. Créditos a empresas					
3. Valores representativos de débeda					
4. Derivados					
5. Outros activos financeiros					
<b>V. Inversións financeiras a curto prazo</b>	<b>- €</b>	<b>- €</b>	<b>- €</b>	<b>- €</b>	<b>- €</b>
1. Instrumentos de patrimonio					
2. Créditos a empresas					
3. Valores representativos de débeda					
4. Derivados					
5. Outros activos financeiros					
<b>VI. Periodificacións a curto prazo</b>	<b>1.263,00 €</b>	<b>2.500,00 €</b>	<b>2.500,00 €</b>	<b>2.500,00 €</b>	<b>2.500,00 €</b>
<b>VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes</b>	<b>10.322.429,00 €</b>	<b>9.093.459,13 €</b>	<b>10.412.367,16 €</b>	<b>11.739.461,58 €</b>	<b>9.494.649,33 €</b>
1. Tesourería	10.322.429,00 €	9.093.459,13 €	10.412.367,16 €	11.739.461,58 €	9.494.649,33 €
2. Outros activos líquidos equivalentes					
<b>TOTAL ACTIVO ( A + B)</b>	<b>265.402.485,00 €</b>	<b>259.801.260,36 €</b>	<b>260.618.041,62 €</b>	<b>265.275.530,88 €</b>	<b>259.101.449,36 €</b>

Aprobado en Padroado 12.12.2018

O secretario

Vº e prace. O presidente 10



Patrimonio neto e pasivo

Descrición	Real 2017	Estimado 2018	PREVISION 2019	PREVISION 2020	PREVISION 2021
A) Patrimonio Neto	261.467.133,00 €	256.448.093,46 €	256.061.051,46 €	259.425.535,46 €	255.546.167,46 €
A-1) Fondos propios	43.263.761,00 €	43.253.313,00 €	43.329.609,00 €	43.384.302,00 €	43.435.443,00 €
I. Dotación fundacional/Fondo social	61.170.484,00 €	61.170.484,00 €	61.170.484,00 €	61.170.484,00 €	61.170.484,00 €
1. Dotación fundacional/Fondo social	61.170.484,00 €	61.170.484,00 €	61.170.484,00 €	61.170.484,00 €	61.170.484,00 €
2. (Dotación fundacional non esixida/Fondo social non esixido)*					
II. Reservas	- €	- €	- €	- €	- €
1. Estatutarias					
2. Outras reservas					
III. Excedentes de exercicios anteriores	- 14.855.944,00 €	- 17.906.723,00 €	- 17.917.171,00 €	- 17.840.875,00 €	- 17.786.182,00 €
1. Remanente					
2. (Excedentes negativos de exercicios anteriores)*	- 14.855.944,00 €	- 17.906.723,00 €	- 17.917.171,00 €	- 17.840.875,00 €	- 17.786.182,00 €
